



## A cuadrilla “Parrillada Antonio” proclámase gañadora da II Liga Popular de Caza de Raposo da provincia de Lugo

Por segundo ano consecutivo tiña lugar en varios tecores da zona sur da provincia de Lugo a denominada Liga Popular de Caza de Raposo, organizada por GESTEGA en colaboración coa Federación Galega de Caza en Lugo.

A primeira xornada desta liga popular tivo lugar en O Incio, o 1 de decembro de 2007, e participaron un total de 7 cuadrillas. Ao final da xornada, catro cuadrillas remataron con un raposo cazado, co cal se repartían 20 puntos cada unha: “Parrillada Antonio”, “Pasarela”, “A Xesteira” e “Tia María”.

A segunda xornada disputouse en O Saviñao (Escairón) o 15 de decembro de 2007, participando de novo 7 cuadrillas. De novo catro cuadrillas remataban con un raposo cazado e os respectivos 20 puntos: “Tia María”, “Os Merengues”, “Pasarela” e “Parrillada Antonio”.

A terceira xornada tivo lugar en Neira de Rei o 29 de decembro de 2007 e desta vez foron 10 as cuadrillas participantes, aumentando tamén o número de capturas. Eran de novo catro as cuadrillas que empataban no primeiro posto, pero desta volta con 3 capturas cada unha: “Parrillada Antonio”, “Pasarela”, “Pancho Villa” e “A Xesteira”. Outras duas cuadrillas cazaban un raposo: “Tia María” e “Ponte de Neira”.

A cuarta e derradeira xornada desta liga celebrábase en Láncara, o 5 de xaneiro de 2008 e de novo eran 7 as cuadrillas participantes na proba. Nesta xornada era so unha cuadrilla quen remataba primeira ao capturar 2 raposos: “Parrillada Antonio”, quedando outras tres cuadrillas empatadas cunha captura: “Ponte de Neira”, “Pasarela” e “A Xesteira”.

Así pois, tras estas catro xornadas de caza, a clasificación final desta II Liga Popular de Caza de Raposo quedaba do seguinte xeito:



CLASIFICACION FINAL			
Pos.	Cuadrilla	Raposos capturados	Puntos
<b>1º</b>	Parrillada Antonio	7	<b>80</b>
<b>2º</b>	Pasarela	6	<b>78</b>
<b>3º</b>	A Xesteira	5	<b>58</b>
<b>4º</b>	Tia María	3	<b>58</b>
<b>5º</b>	Ponte de Neira	2	<b>36</b>

**Gabinete de Comunicación**  
FEDERACIÓN GALEGA DE CAZA  
[www.federaciongalegadecaza.com](http://www.federaciongalegadecaza.com)